

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/05/2021 10:51:58

SAIDA 8288/21



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 22/2021**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 1 de marzo de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de maio de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 1 de marzo de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do procedemento de acceso á información ditada no expediente número [REDACTED] incoado pola Xefatura Territorial da Coruña, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, en virtude de solicitude formulada pola [REDACTED]

O reclamante, en resumo, indicaba que é titular do [REDACTED], composto polas concesións de explotación de Recursos da Sección C) da Lei de Minas [REDACTED] [REDACTED] e por tanto titular lexítimo dos dereitos de propiedade intelectual e industrial dun notable conxunto de informes, planos, mapas, estudos, incluídos os Plans de Labores, de Explotación e de Restauración, contratos e outros datos referentes aos bens e dereitos, e outra documentación técnica e económica que

conforman o know-how da empresa e é necesaria para a actividade regular e detentador dun interese tamén lexítimo en que se protexa o referido carácter reservado desa información, evitando innecesarios accesos e risco de filtracións a terceiros.

Afirma que ten constatados diversos casos de filtracións de información sensible a terceiras entidades que veñen facendo un uso indebido, por manipulación intencionadamente terxiversada e infundada do seu contido, que redunda en prexuízo e descrédito público de GTT e das propias Autoridades Mineira e Ambiental.

Afirma no seu escrito de alegacións que de acordo coa Instrución 6/2018, do 3 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas sobre acceso á información pública en materia de minas, non se deben admitir nin atender solicitudes expostas en termos xenéricos e con pretensión de alcance omnímodo, como foi neste caso, do mesmo xeito que se establece no artigo 19 da Lei 19/2013 .

Considera que aínda que non se poida esixir motivación na solicitude de acceso á información, o órgano competente si debe ponderar os diferentes dereitos e intereses que se vexan afectados.

Alega o carácter reservado de información que consta nos expedientes administrativos e a necesidade de salvagardar polo seu carácter confidencial ou reservado, o amplo conxunto de información de natureza técnica, comercial, financeira, etc., que contén a información solicitada. Considera que non ten sentido diseccionar por exemplo un proxecto ou un informe de voaduras como os que se conteñen na información solicitada, de tal forma que se manteñan protexidos aquelas "palabras, liñas ou parágrafos" que, por referirse a técnicas propias da empresa solicite manter afastadas do coñecemento de competidores, e separar outras que poidan satisfacer o interese dun terceiro solicitado e a información sobre almacenamento e emprego de explosivos debe ser protexida na súa integridade, sen que caiba levar a cabo esa especie de "disección" por "palabras, liñas ou parágrafos", como se pretende na resolución impugnada.

A obtención, utilización ou revelación ilícitas dun segredo empresarial comprometen a capacidade do seu titular lexítimo para aproveitar as vantaxes que lle corresponden como precursor polo seu labor de innovación.

Informa que a empresa [REDACTED] púxose por escrito ao dispor da Asociación solicitante, para manter unha reunión e, en función da mesma, facilitar a información que correspondese, sen obter resposta por parte deste. [REDACTED] ven desenvolvendo, como actual titular do [REDACTED] as actuacións tendentes á reapertura da mina, conforme as autorizacións e aprobacións administrativas

outorgadas, polo que pon de relieve o posible uso sesgado e parcial da documentación que poidan obter determinadas asociacións ou grupos de presión.

█ solicita de forma subsidiaria, enténdese que de non estimarse totalmente a súa reclamación, a estimación parcial, no senso de que lle sexan facilitadas á entidade solicitante as resolucións de transmisión e de consolidación de dereitos, sempre e cando non se lle dea traslado das condicións especiais, por estar estas vinculadas a datos e aspectos técnicos e económico-financeiros que si merecen a protección, e que non se lle facilite o acceso aos Plans de Labores, que conteñen o know-how da titular da explotación.

Segundo. Con data do 3 de marzo de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de marzo de 2021.

Terceiro. Con data do 24 de abril de 2021 a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

No informe sinálase que a resolución de procedemento de acceso a información do 20 de xaneiro de 2021 ditada polo Xefe Territorial na Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no expediente █ foi obxecto de convalidación por parte da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais mediante resolución do 15 de abril de 2021, da que xunta copia.

De acordo co informe do 18/03/2021 da Xefatura Territorial, consta que na tramitación do expediente de solicitude de acceso seguiuuse o procedemento que establece a normativa. A información solicitada refírese a diversos expedientes de dereitos mineiros e permisos de investigación, en concreto aos denominados █ así como ao permiso de investigación █ e entre a información pública solicitada hai información que se considerou ambiental, como os plans de restauración, que se tramitaron coas especificidades propias da Lei 27/2006.

As alegacións presentadas por █ sinala que son practicamente coincidentes con as que presentou durante a fase de alegacións durante a tramitación do expediente de acceso a información pública; e referidas a concorrencia da condición de outros terceiros interesados lexitimados para formular alegacións, posible vicio procedimental por omisión do trámite de alegación a terceiros, incumprimento do deber de identificación e concreción da información, carácter reservado de información obrante nos expedientes

administrativos e a necesidade de salvagardalo e necesidade de ponderación dos intereses concorrentes e interpretación estrita dos termos en que se formulou a solicitude.

Estas alegacións, déuselles xa resposta na resolución do 20 de xaneiro de 2021 da Xefatura Territorial son, tal e consta no expediente que se achega, e foron obxecto de desestimación motivada na dita resolución do 20 de xaneiro de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

O artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao regular os termos e prazos, que se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a

notificación, si o último día de prazo é inhábil, se entenderá prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

No presente caso, consta que a entidade accedeu á notificación da resolución o 29 de xaneiro de 2021, polo que non existindo día equivalente no mes de febreiro, o último día de prazo era o 28, que ao ser día inhábil se entende prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, é dicir, 1 de marzo de 2021, día no que se presentou a reclamación, polo que debe admitirse a por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

De acordo co informe remitido pola Consellería, a representación da [REDACTED] solicitou acceso no seu escrito de concreción da solicitude presentado con data do 19 de novembro de 2020, á información referente á titularidade actual das concesións dos dereitos mineiros [REDACTED] vixencia das concesións, plans de labores anuais presentados con respecto a cada unha delas, solicitudes de prórroga, concesión de prórrogas, permisos de investigación solicitados e concedidos e para que minerais, anuncios de exposición ao público de ser o caso para os permisos de investigación solicitados e plans de restauración presentados.

A información solicitada debemos de considerar que se trata de información pública por canto se trata de información que forma parte dun expediente administrativo de concesión mineira, e por tanto elaborada e adquirida polo órgano competente da Administración na materia, e no exercicio das súas funcións. En contra do alegado pola recorrente, considérase que a solicitude concreta o obxecto da información solicitada tras ser requirido polo Xefatura Territorial para que se fixera tal concreción, de acordo co disposto no artigo 19 da Lei 19/2013.

Da documentación solicitada, considérase que o acceso á mesma debe rexerse polo disposto na Lei 19/2013 e Lei 1/2016, agás na información referente ao o plan de restauración presentado polo solicitante do permiso de investigación [REDACTED] e aos plans de labores mineiros, que ao tratarse de información de contido ambiental, ten na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, unha regulación de acceso á información específica, que de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, debe tramitarse polo seu réxime específico.

O artigo 2.3 da Lei 27/2006, considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, a auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc que afecten ou poidan afectar os elementos do medio

ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

De acordo co establecido na Resolución da Consellería de Innovación e Industria do 22 de decembro de 2008 (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009), pola que se aproba e se fai público o novo modelo do Plan de labores de actividades mineiras, existen numerosas referencias a información medioambiental, tales como información sobre control hidroxolóxico, drenaxes, balsas e presas de decantación e de residuos, destino de lodos, destino dos lodos, materias primas tratadas, produción de residuos e o seu destino, restauración e condicións ambientais impostas, informes de seguimento ambiental anual, entre outros, polo que queda fora do ámbito de competencias desta Comisión, pronunciarse sobre o acceso á información referido aos plans de labores mineiras.

Os motivos de oposición á resolución impugnada, refírense á necesidade de protección, por parte da recorrente, dos dereitos de propiedade intelectual e industrial do conxunto de informes, planos, mapas, estudos, contratos e outros datos referentes aos bens e dereitos, e outra documentación técnica e económica que conforman o know-how da empresa e necesaria para a súa actividade, dos innecesarios accesos e risco de filtracións a terceiros, isto é, a concorrencia do límite de acceso á información contido no artigo 14.1.J) da Lei 19/2013.

De acordo coa literalidade do art. 14.1 só procede a aplicación dun límite ao acceso á información pública en presenza dunha lesión ou prexuízo efectivo ao ben ou interese xurídico protexido en cada un dos seus apartados que sexa consecuencia do dito acceso. En consecuencia, é necesario que concorra de forma indubitada a posibilidade real, non hipotética, e concreta, de producirse un prexuízo, sen que sexa suficiente a mera alegación de que se poida producir unha lesión no ben ou interese protexido, sendo necesario ademais que non concorra no caso ningún interese superior que poida xustificar a concesión.

As condicións expresadas deben darse conxuntamente, de modo tal que calquera invocación do art. 14.1 ten un dobre condicionante e require a realización polo aplicador de dous exames sucesivos, os denominados pola doutrina especializada e o preámbulo da Lei test do dano e test do interese. A través do primeiro compróbase a probabilidade do hipotético prexuízo ou lesión e a existencia dun nexo causal entre o acceso á información que se solicita e o prexuízo alegado. Mediante o segundo compróbase se existe no caso algún interese superior ao protexido coa limitación que xustifique o acceso solicitado.

O artigo 14.2 da Lei 19/2013 engade aínda unha condición mais para a aplicación dos límites, consistente en que a súa aplicación sexa xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección.

Esta condición opera en dobre sentido: esixe por unha banda que a apreciación da certeza da lesión ou prexuízo no interese protexido e a da superioridade dos outros intereses en presenza sexan razoadas e, por outro, que unha vez apreciada a limitación do acceso, esta sexa dunha intensidade proporcional á entidade do dano que se trata de evitar, isto é, que se limite ao estritamente necesario para salvagardar o ben protexido.

A propiedade intelectual e industrial, constitúen límites que responden a intereses e dereitos de natureza privada, debido a que se refire a dereitos de terceiros, non da propia Administración Pública.

Cando unha empresa solicita unha autorización ou concesión administrativa, é consciente de que a documentación que presente vai a formar parte dun expediente administrativo e que sobre o seu contido, poderán obter información os que teñan interese en relación co outorgamento desa autorización ou concesión. Débese nese caso sinalar cales son os contidos ou partes da documentación que están amparados polo segredo intelectual ou industrial, de ser o caso no momento da súa presentación, e xustificalo convenientemente no trámite de audiencia que se debe conceder ante unha solicitude de acceso ao expediente.

No presente caso a entidade recorrente, nin nas alegacións presentadas no trámite de audiencia, nin no seu escrito de reclamación ante esta Comisión, delimita nin xustifica nin minimamente, que parte da documentación solicitada debe limitarse do acceso, limitándose a alegalo de forma xenérica.

Con respecto da constatación por parte da reclamante de diversos casos de filtracións de información sensible da que se pode facer un uso indebido, débese ter en conta que a Lei 1/2016 establece no seu artigo 24.2 que o cidadán, no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública ten dereito de utilizar a información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou outras leis, polo que calquera utilización da información obtida, non terá máis limitacións que as derivadas con carácter xeral das leis, e se é ilexítima, o titular da mesma poderá utilizar os mecanismos de defensa previstos no ordenamento xurídico; pero en ningún caso pode utilizarse un eventual feito posterior, futuro e hipotético, como xustificación para impedir o exercicio dun dereito recoñecido legalmente a todas as persoas.

De acordo co anterior, por considerar que a resolución recorrida é conforme coa normativa en materia de acceso á información pública, procede a desestimación da reclamación presentada, agás no referente ao plan de restauración e plans de labores mineiros, sobre os que por tratarse de información de carácter ambiental, esta Comisión carece de competencias para pronunciarse.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada con data do 1 de marzo de 2021 por ██████████ en representación de ██████████ contra a Resolución do procedemento de acceso á información ditada no expediente ██████████ incoado pola Xefatura Territorial da Coruña, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.05.27 10:26:13 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.